



DELEGACIÓN DE ESTUDIANTES
ETSI CAMINOS, CANALES Y PUERTOS DE A CORUÑA

Reglamento de Réxime Interno

Versión en galego

Marzo de 2015

Nós, a Directiva da Delegación de Estudantes da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos da Coruña,

a Delegada de Escola,

Laura Chao Valle

o Secretario,

Alejandro Piñón Rodríguez

o Tesoureiro,

Óscar Brandón Basdediós

o Vocal,

Raúl Espasandín Lacalle

o Delegado do Máster en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos,

Luis Pire Pardo

o Delegado do Grao en Tecnoloxías da Enxeñaría Civil,

Jorge Dacosta Tapia

e o Delegado do Grao de Enxeñaría de Obras Públicas

Martín Rei Leis

ratificamos en virtude do aprobado o 16 de marzo do 2015 no Pleno da Delegación de Estudantes, o presente "Regulamento de Réxime Interno da Delegación de Estudantes da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos da Coruña".

Título preliminar

Art. 1: A delegación de Estudantes da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos da Coruña (D.E., no seguinte) ríxese polo presente regulamento.

Art. 2: A D.E. representa ao estudantado das seguintes titulacións impartidas na Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos da Coruña (ETSECCP, no seguinte):

- a) Grao en Tecnoloxías da Enxeñaría Civil.
- b) Grao en Enxeñaría de Obras Públicas.
- c) Máster en Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos.
- d) Máster en Enxeñaría da Auga, no referente aos asuntos que teñan que ver coa ETSECCP.

Art. 3: O seu domicilio social radica na Escola Técnica Superior de Camiños, Canais e Portos da Coruña, Campus de Elviña s/n, non posuíndo a D.E. outros locais.

Art. 4: As fins da D.E. serán:

- a) Defender e reivindicar os dereitos do estudantado da ETSECCP.
- b) Promover a participación do estudantado nas estruturas políticas da ETSECCP.
- c) Organizar actividades lúdicas e/ou culturais no ámbito da ETSECCP.

Art. 5: A D.E. estará formada por:

- a) O estudantado elixido para tal efecto, dacordo coa normativa electoral da ETSECCP e da Universidade da Coruña.
- b) Estudantes da ETSECCP presentes no Claustro da Universidade.
- c) Estudantes da ETSECCP presentes na Xunta de Escola.
- d) Estudantes da ETSECCP na Xunta de calquera dos departamentos da Universidade.
- e) Os e as delegadas do curso, se existisen.

Título I: Do Pleno.

Art. 6: O Pleno será o máximo órgano de decisión da D.E.

Art. 7: O Pleno da D.E. Estará formado por todos os seus membros.

Art. 8: Serán funcións do Pleno:

- a) Elaboración e proposta da modificación do seu regulamento de réxime interno.
- b) Manter as relacións que se crean convintes, tanto a nivel nacional como internacional.
- c) Moderar as Comisións Internas no desenrolo das súas funcións.

Art. 9: Poderán asistir con vo pero sen voto a dito Pleno aquelas persoas que o Pleno considere oportunas en relación cos temas a tratar.

Art. 10: Poderá asistir sen voz nin voto a dito Pleno calquera estudante da ETSECCP.

Art. 11: As convocatorias realizaranse por vía telemática, a través das canles que o Pleno acorde.

Art. 12: A convocatoria dun Pleno require antelación mínima de 36 horas.

Art. 13: A convocatoria será comunicada aos membros xunto coa Orde do Día e a Acta do Pleno anterior.

Art. 14: Calquera membro do Pleno poderá incluír algún punto na Orde do Día, dirixínto tal desexo ao Secretario con antelación antes do Pleno. O secretario poderá non incluír dito punto na Orde do Día só baixo razóns organizativas.

Art. 15: Para a toma de acordos no Pleno, será precisa maioría simple entre os membros presentes.

Art. 16: As votacións no Pleno serán a man libre, salvo cando implique a persoas ou o solicite algún dos membros.

Título II: Da estrutura da D.E.

Sección 1: *Consideracións xerais*

Art. 17: A D.E., a fins organizativos, contará cunha directiva (a Directiva, no seguinte), un ou unha representante de cada titulación, e poderá dispor de Comisións Internas.

Art. 18: A Directiva estará composta por: un ou unha Delegada de Escola, un ou unha Secretaria, unha ou un Tesoureiro e unha ou un Vocal.

Art. 19: Na constitución da Directiva, ou na renovación de calquera dos seus membros, procurarase a presenza equilibrada por titulacións representadas dos membros.

Art. 20: Na constitución da Directiva, ou na renovación de calquera dos seus membros, procurarase un reparto equitativo entre homes e mulleres.

Art. 21: A Directiva deberá elixirse ao comezo de cada lexislatura.

Art. 22: Poderá prescindirse da formación da Directiva cando haxa menos da metade de membros que o máximo número deles posible na D.E.

Sección 2: *Sobre o ou a Delegada de Escola.*

Art. 23: Serán competencias do ou da Delegada de Escola:

- a) Dirección e máxima representación da D.E.
- b) Convocatoria extraordinaria de reunións do Pleno.
- c) Velar polo cumprimento das fins da D.E.
- d) Coordinar, se cabe, as distintas Comisións Internas.

Art. 24: O ou a Delegada de Escola posuirá en todo momento as contrasinais de acceso aos distintos servizos dos que a D.E. faga uso.

Sección 3: *Sobre o ou a Secretaria.*

Art. 25: Serán competencias do ou da Secretaria:

- a) Xestión administrativa da D.E.
- b) Redacción da Orde do Día para os Plenos, e das Actas dos mesmos, así como a custodia de ambos.

c) Moderación dos Plenos.

d) Asistencia ao Pleno nos procedementos de votación e acordos organizativos, así como notificacións aos demais membros da D.E. nos plenos.

Sección 4: *Sobre as Comisións Internas.*

Art. 26: As Comisións Internas (CCII, no seguinte) serán estruturas de organización interna, de carácter temporal ou permanente, para a consecución dun obxectivo concreto, puidendo exercer funcións en nome do Pleno en ditas materias.

Art. 27: A formación e xestión interna das CCII será libre, debendo atender a criterios de eficacia e eficiencia.

Art. 28: O Pleno poderá vetar a existencia das CCII.

Art. 29: As CCII poderán incluír a persoas alleas á D.E., a razón de asistir na consecución dun obxectivo da Comisión Interna en cuestión, e previa aprobación dos membros da mesma que sexan representantes da D.E.

Título III: Da xestión económica.

Art. 30: Corresponde á ou ao Tesoureiro a xestión económica da D.E. puidendo contar con asistentes.

Art. 31: Serán competencias da ou do Tesoureiro:

- a) Custodia dos fondos da D.E. e levar en orde os libros de contabilidade.
- b) Elaboración dos balances e presupostos da D.E. para a súa aprobación polo Pleno.
- c) Autorización, xunto co ou coa Delegada de Escola e o ou a Secretaria, á disposición de fondos.

Art. 32: A D.E. usará, no cumprimento das súas fins, os seguintes medios económicos:

- a) Unha parte do presuposto de Extensión Universitaria da ETSECCP que a Xunta de Escola estime oportuno.
- b) Aportacións voluntarias.
- c) Donativos ou subvencións que reciba.

Art. 33: Excepcionalmente, permitiráselle o endebedamento, previa aprobación por parte da ETSECCP.

Art. 34: Da partida de Extensión Universitaria que controle a D.E., cederáselle unha parte ás distintas asociacións de alumnos da ETSECCP. Esta parte repartirase dacordo coas asociacións e trala aprobación da cesión polo Pleno.

Art. 35: O límite máximo do presuposto anual cífrase en DOCE MIL EUROS CON CERO CÉNTIMOS (12.000'00€). O sobrante deberá devolverse á ETSECCP, doarse a Enxeñaría Sen Fronteiras, á Fundación da Enxeñaría Civil de Galicia ou utilizarse para pagar a matrícula dalgunha ou dalgún estudante da ETSECCP con problemas económicos.

Título IV: Da xestión social e a transparencia.

Art. 36: Corresponde ao ou á Vocal a xestión dos medios sociais da D.E., así como o fomento da transparencia da mesma, puidendo contar con asistentes para tal efecto.

Art. 37: Serán competencias do e da Vocal:

- a) Coordinación das relacións dos e das estudantes representados, así como das asociacións formadas polos mesmos, coa D.E.
- b) Xestión da imaxe pública institucional da D.E.
- c) Coordinación das relacións da D.E. con outras Delegacións de Estudantes.

Art. 38: O ou a vocal deberá:

- a) Manter informadas aos e ás estudantes representadas de cantas disposicións legais se dicten sobre temas que afecten ás mesmas.
- b) Recoller queixas e proposición dos e das estudantes alleas á D.E., e transmitírlas ao Pleno.

Art. 39: Todas as publicacións da D.E. deberán estar en galego, ou en galego e castelán.

Art. 40: Coa periodicidade que se estime, a D.E. deberá publicar informes de transparencia.

Título V: Da disolución da D.E.

Art. 41: A D.E. disolverase polas causas seguintes:

- a) Por sentenza xudicial.
- b) En caso de peche da ETSECCP.
- c) Por outras causas determinadas legalmente.

Art. 42: Disolta a D.E., o ou a Delegada de Escola, a ou o Secretario e o ou a Tesoreira procederán a efectuar a liquidación, pagando as súas débedas de existir e cobrando os seus créditos e fixando o haber líquido restante.

Art. 43: O haber resultante unha vez efectuada a liquidación doarase á ETSECCP ou, no seu defecto, á UDC.

Disposición adicional única

Para a aprobación dunha modificación do presente regulamento, precisarase o apoio de polo menos 2/3 dos membros presentes no Pleno.

Disposición transitoria única

O presente regulamento entrará en vigor ao instante no que o Pleno en sesión ordinaria o aprobe.

Disposición derogatoria única

Fica derogado o anterior regulamento de réxime interno titulado: "Regulamento da Delegación de Alumnos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Coruña".

Disposición final única

No non exposto neste regulamento, o Pleno ten potestade para decidir sobre iso.